

Síntese e acerto

Presenzas de Lugrís Freire




XOSÉ FEIXÓ

Dicía Sánchez Albornoz algo así como que “Hoxe ando apurado. Escribín seis folios. Fágame vostede o favor de reducilos a un, que teño moita presión”, significando así que é moito máis fácil escribir libremente, á vontade e sen restricións, que escribir sometido a medidas, entre elas moi salientadamente a da cantidade. E ben que tiña razón o sabio historiador, pois o labor de síntese é un dos máis difíciles e determinantes, dependendo del o éxito do resultado.

Vén isto a conto porque o traballo que hoxe comentamos, da autoría do profesor arteixán Henrique Rabuñal, ten esas dúas características: síntese e acerto, ou acertada síntese, conseguindo cun pequeno (no formato) libriño, de 79 páxinas (no que aínda ocupan, atinadamente, un bo lugar ilustracións e fotografías), que os lectores teñan unha idea cabal da vida, a obra e a importancia da figura de Manuel Lugrís Freire (pai, teño que dicilo, de Urbano Lugrís, un dos pintores galegos que máis admiro), a quen a RAG decidiu dedicar este ano o Día das Letras Galegas.

O esforzo sintetizador está en sintonía coa colección en que A Nosa Terra publica o libro, Esencias, colección que neste sentido, no de achegar a un público xeneralista, a grandes liñas, figuras senlleiras da nosa historia, merece todos os nosos parabéns, mesmo nos aspectos formais de coidado deseño e edición.

E, certamente, dános Rabuñal unha idea axeitada de Manuel Lugrís: nado en Sada en 1863 (ano da publicación dos Cantares de Rosalía), emigra a Cuba aos vinte anos, e de volta en Galicia ingresa na Cova Céltica, e fundando despois a Escola de Declamación (A Coruña, 1903), intento serio dotármonos dun teatro estable. Viviu unha vida intensa nunha intensa época, onde coincidiu e tratou as grandes figuras da cultura galega: Curros, Pondal, Murguía, Eladio Rodríguez (a quen sucedeu na presidencia da RAG en 1934)..., e participando activamente ademais no Seminario de Estudos Galegos e nas Irmandades da Fala, chegando a ser, por todo o dito, unha das figuras clave



do galeguismo de finais do século XIX e comezos do XX.

Ademais, cómpre non esquecer os seus compromisos políticos: militante do Partido Galeguista e redactor do anteproxecto de Estatuto de Autonomía do 36, non deixou de traballar a prol do seu país ata o seu pasamento, o 15 de novembro de 1940.

RABUÑAL, Henrique, Manuel Lugrís Freire, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2006, 79 páxinas